



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número

106

/2025

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PÚBLICA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN, REGULAMENTACIÓN E CONTROL TÉCNICO DA XXXIII COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE FÚTBOL AFECCIONADO

Na Coruña, a 10 de novembro de 2025, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Don Antonio Leira Piñeiro, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Don Pablo Javier Prieto Perille, en representación da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

As comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

A Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das Deputacións "rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o seu fomento, e, en especial, os seguintes:..

«d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.»

A Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións "A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito"

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no seu artigo 47.1 define legalmente o convenio no ámbito administrativo:

«Son convenios los acuerdos con efectos jurídicos adoptados por las Administraciones Públicas, los organismos públicos y entidades de Derecho público vinculadas o dependientes o las Universidades públicas entre sí o con sujetos de Derecho privado para un fin común».

Sen prexuízo da mencionada finalidade de interese común que perseguen (artigo 47.1 LRXSP), esta norma prevé tamén no seu artigo 48.3 que a subscrición de convenios:

«deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, facilitar la utilización conjunta de medios y servicios públicos, contribuir a la realización de actividades de utilidad pública y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera»

SEGUNDO.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, establece que as deputacións provinciais, nos termos que dispón a presente lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte.
2. Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada de estas.
3. Asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.
- .../...
6. Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal o provincial.

TERCEIRO.

A lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que:

- As federacións deportivas galegas, ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exercen, en virtude da presente lei, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4.

Son funcións delegadas aquelas funcións públicas de carácter administrativo que se exercen por delegación. Neste caso, as federacións actuarán como axentes colaboradores da Administración baixo a súa tutela e coordinación (artigo 51. concepto)

- As federacións deportivas galegas terán a consideración de entidades de utilidade pública. Dita declaración implicará os efectos establecidos na lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación (artigo 51. Réxime xurídico)

O artigo 56 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia establece as funcións das federacións deportivas galegas:

.../...

2. As federacións deportivas galegas exercerán como funcións propias as seguintes:

b) Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como cas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.

d) No seu caso, e de conformidade coa normativa que lle sexa de aplicación, colaborar e ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.

4. Son funcións públicas delegadas, e exerceranse en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, as seguintes:

.../...

c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na presente ley.

f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola presente lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.

h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte.

i) Calquera outra que regulamentariamente sexa determinada.

5. ...as federacións deportivas galegas exercerán as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da administración deportiva.

CUARTO.

O presente convenio interadministrativo de colaboración ten finalidade cooperativa e cumpre estritamente as condicións previstas no artigo 6.1 da Lei de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que pode ser excluído do ámbito de aplicación da lexislación contractual.

QUINTO

Os gastos derivados da execución do presente convenio, que ascenden a un total de **27.718,00€** serán aboados pola Deputación de A Coruña ao completar cada unha das accións independentes previstas no mesmo.

O presente convenio atinxe a seguinte actuacións:

XXXIII COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE FÚTBOL AFECCIONADO

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612.3411.22609 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.

Os gastos por actuacións da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL son:

ACTUACIÓN	CONCEPTOS	ORZAMENTO
	TOTAL CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA COA REAL	27.190,00€

	FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL	
XXXIII COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE FÚTBOL AFECCIONADO	Dirección e control técnico; xestións administrativas;	550,00€
	Arbitraxes (6 partidos)	2.640,00€
	Premios premios en metálico aos equipos participantes Masculinos: Primeiro posto: 5.000,00€ Segundo posto: 4.000,00€ Perdedor 1ª semifinal: 1.500,00€ Perdedor 2ª eliminatoria : 1.500,00€ Femininos: Primeiro posto: 5.000,00€ Segundo posto: 4.000,00€ Perdedor 1ª semifinal: 1.500,00€ Perdedor 2ª eliminatoria : 1.500,00€	24.000,00€

Os gastos por actuacións da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA son:

ACTUACIÓN	CONCEPTOS		ORZAMENTO	
XXXIII COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE FÚTBOL AFECCIONADO	TOTAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA CONTRATOS		528,00€	
	DE SERVIZOS/SUBMINISTROS			
	OBXECTO	BASE IMPOÑIBLE	IVE	IMPORTE
	Trofeos 1º e 2º	436,36€	91,64€	528,00€

SEXTO.

Tendo en conta a finalidade común das partes, orientada á utilización conxunta de medios e servizos públicos para contribuír á realización de actividades que satisfagan o interese público xeral de promover a actividade física e o deporte entre a poboación, sendo competencia da deputación o fomento, promoción e difusión do deporte e dispoñendo a REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL do soporte técnico e operativo necesario para garantir o correcto desenvolvemento da

XXXIII Copa deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado promovida pola Deputación da Coruña, e considerando a procedencia dun marco de colaboración entre ambas as dúas partes que regule as accións comúns necesarias, acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

A Deputación atribúe á REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL a organización, regulamentación e control técnico da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado

Segunda. Obrigas da Deputación:

A Deputación da Coruña, ao través do servizo de Acción Social, Cultura e Deportes e a súa sección de Deportes, desenvolverá as seguintes accións:

- Desenvolver cada unha das probas, do XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado en colaboración coa Federación Galega e outras entidades públicas e privadas que participen na execución das mesmas.
- Autorizar as sedes/espazos e datas de desenvolvemento das probas e/ou os posteriores cambios das mesmas previa solicitude informada.
- Difundir e publicitar as actuacións promovidas pola Deputación da Coruña.
- Aprobar as bases reguladoras da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado e verificar o procedemento de inscrición.
- Autorizar o pago de premios en metálico.
- Financiar outros conceptos de gasto necesarios para o desenvolvemento da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado non considerables nas prestacións a desenvolver pola FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL.
- Verificar a existencia de seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- Verificar o cumprimento de todos os requisitos de seguridade esixidos na normativa vixente para a organización e celebración das probas da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.
- Colaborar na presentación da actividade a través da participación na mesma do presidente e/ou deputado da área de deporte ou persoa en quen delegue.

Terceira. Obrigas da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL:

- Nomear a unha persoa que actuará como intermediaria/interlocutora coa Deputación da Coruña e calquera outra entidade pública ou privada que participe no desenvolvemento da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado no marco deste convenio.
- Organizar coas outras entidades e/ou empresas adscritas á execución das probas da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado no marco deste convenio nos ámbitos de transferencia do coñecemento técnico necesario, produtividade e eficacia das accións conxuntas e capacidade de divulgación e comunicación das actuacións.
- Incluír as probas da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado no calendario oficial e acreditar o cumprimento desta obriga.
- Formular un regulamento da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado segundo a normativa vixente.
- Solicitar con anterioridade á data da celebración da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado, a suspensión ou modificación da mesma acompañada da xustificación correspondente e proposta de nova data que deberá ser autorizada pola Deputación. Aprobar e actualizar o calendario oficial coa nova data cando corresponda.
- Formular un procedemento de inscrición aberto con verificación da idoneidade e cumprimento de requisitos dos equipos e das persoas solicitantes que recolla a aceptación

das normas reguladoras a non existencia de ningún impedimento deportivo ou legal para participar e a normativa de protección de datos persoais.

- O procedemento de inscrición e o formulario no seu caso deberá conter a información de que a mesma será de balde, tendo a Real Federación Galega de Fútbol a prohibición de cobrar ningún importe ás persoas que se inscriban e acreditar esta circunstancia na xustificación.
- Organizar a participación de deportistas profesionais e/ou de elite.
- Emitir certificacións de participantes (persoas, clubs) nos que conste a clasificación final obtida na XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.
- Inspeccionar e verificar o cumprimento de requisitos dos espazos de desenvolvemento da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.
- ~~Dispor de~~ todos os medios técnicos, materiais e humanos necesarios para a dirección e control técnico da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado, tanto os necesarios para o traballo do persoal propio da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL como para as persoas participantes, así como, cando corresponda, dos medios para a presenza e separación de público espectador.
- Xestionar e aboar as taxas correspondentes dos avisos, autorizacións e declaracións responsables necesarias perante as administracións precisas para a realización de cada proba, competición, trofeo, circuíto e calquera outra actividade deportiva da modalidade.
- Subscribir e/ou acreditar a existencia, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, dun seguro de responsabilidade civil para dar cobertura, dende o inicio da proba ata o remate da mesma, á responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente ás persoas organizadoras da actividade, en canto aos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e os seus bens, sempre que os devanditos danos e prexuízos sexan producidos como consecuencia da xestión, control técnico e realización da actividade, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas, e no art. 8 do Decreto 226/2022 polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas, determinando a previsión de asistencia.
- Acreditar a existencia dun seguro de accidentes para todas as persoas participantes co mínimo de coberturas do seguro obrigatorio deportivo
- Cumprir con todos os requisitos de seguridade esixidos na normativa vixente para a organización e celebración das probas, competicións, trofeos, circuítos e outras actividades deportivas promovidas e acreditar o cumprimento.
- Publicar e actualizar de forma clara, visible e ordenada na páxina web da FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL toda a información relativa á XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.
- Publicar e difundir de forma clara, visible e ordenada nas diferentes redes sociais da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL toda a información relativa á XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.

- Deixar constancia en cada proba da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado, da colaboración da Deputación da Coruña utilizando a imaxe corporativa e calquera outro lema/marca que se lle indique.
- Realizar o control técnico XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado ao través do Comité Galego de Xuíces ou órgano similar.
- Organizar a entrega de premios/trofeos/medallas ás persoas e/ou equipos de gañadores, ou á participantes en xeral e tramitar as transferencias dos premios e axudas por participación en metálico cando corresponda, baixo o concepto Deputación da Coruña Premio XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.
- Cumprir coas exigencias derivadas da Base de datos nacional de subvenciones (BDNS) nos termos sinalados no artigo 20 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención e no Real Decreto 130/2019 polo que se regula a "Base de Datos Nacional de Subvenciones" no que respecta á información dos premios en metálico.
- Xestionar a actividade de forma que se minimice a pegada e impacto que a actividade poida xerar, na procura dun evento sostible medioambientalmente.
- Garantir un uso non sexista da imaxe das persoas e da linguaxe nos contidos publicados.
- Impulsar accións en favor da igualdade e inclusión social no deporte.
- Impulsar accións de prevención e loita en relación á violencia, racismo, xenofobia e a intolerancia no deporte, establecendo as medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia contra as persoas participantes e espectadoras.

Cuarta. Financiamento

Serán susceptibles de ser financiados ao amparo do presente convenio os gastos por traballos previos e os traballos que sexan necesarios para completar a organización, regulamentación e control técnico da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.

Os importes dos gastos correspondentes aboaranse, unha vez asinado o presente convenio, á recepción da documentación xustificativa **nun prazo máximo de 6 meses** dende a finalización da última proba da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.

A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL autoriza á Deputación da Coruña para que solicite e obteña da Axencia Estatal Tributaria, da Tesourería Xeral de Seguridade Social e da propia Deputación da Coruña os datos da dita entidade relativos ao cumprimento das obrigas tributarias ou ben achegará as correspondentes certificacións coas xustificacións de gastos correspondentes a cada unha das probas, competicións, trofeos, circuitos ou outras actividades deportivas promovidas pola Deputación da Coruña.

Para que o aboamento poida ser financiado ata o importe máximo, os gastos xustificadas deberán acadar, como mínimo o dito importe. No caso de que a contía dos gastos xustificadas fose inferior, a cantidade a percibir quedará reducida, aboándose o importe correspondente ao gasto efectivamente xustificado.

O pago efectuarase mediante transferencia bancaria á conta da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL que esta determine ou figure actualizada nos rexistros da Deputación da Coruña.

A achega da Deputación seralle aboada á REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBtel) a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, segundo o Anexo II, subscrita polo representante legal da Real Federación Galega de Fútbol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.
- Xustificación dos gastos realizados, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado no punto 4. do presente Convenio para o caso de que se produzan.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025 e relacionadas co XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado.

A Deputación da Coruña, previa tramitación do expediente correspondente, no que se dará audiencia á entidade, acordará a perda do dereito da mesma a percibir o aboamento de gastos nos seguintes casos:

- a. Se a documentación xustificativa non se presenta no prazo previsto no presente convenio ou durante a súa prorroga, caso de ser concedida a mesma.
- b. Por incumprimento da obrigas de difusión.
- c. Se os xustificantes e/ou acreditacións non se presentaran en debida forma e non se completasen ou emendasen os defectos ou omisións pola entidade e no prazo fixado no correspondente requirimento.
- d. Se non se xustifica ter executada a actividade na súa totalidade. Non obstante, si a actividade non fora executada na súa totalidade, pero si polo menos accións que se correspondan co 80% do orzamento de cada unha das probas, competicións, trofeos, circuítos ou outras actividades deportivas promovidas pola Deputación da Coruña, a REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL poderá solicitar que lle sexa aboada a porción proporcional do importe de realización da actividade acompañada da xustificación correspondente.
- e. Se a entidade incumprira as obrigas que lle corresponden conforme ao presente convenio ou se producira unha alteración das circunstancias tidas en conta para a sinatura do presente convenio.

Quinta. Comprobacións

A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL deberá someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano competente ou entidade colaboradora no seu caso, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, proporcionando canta información lle sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.

Sen prexuízo da comprobación documental da acreditación e xustificación da execución da XXXIII Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado, esta poderá realizar cantas actuacións materiais e formais estime convenientes para a comprobación da axeitada xustificación, a

realización do seu obxecto e o cumprimento das condicións a que estean suxeitas as mesmas. Ditas actuacións de comprobación serán realizadas mediante o procedemento de control financeiro exercido pola Intervención Xeral ao través do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro desta Deputación.

Sexta. Protección de datos persoais

En cumprimento do previsto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RXPd) e na lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e a REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL actuarán ambos como responsables do tratamento dos datos deste convenio, cada un nas súas funcións respectivas.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir co disposto no Real Decreto Ley 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións.

Sétima. Seguimento.

Crearase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvolvidas ao amparo do presente Convenio, que estará constituída por:

- Unha persoa representante da Deputación Provincial da Coruña
- Unha persoa representante do Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes, sección de Deportes
- Unha persoa representante da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

A Comisión reunirase sempre que sexa necesario para o seguimento do convenio.

Esta Comisión será a encargada de resolver cantas cuestións poidan formularse durante a vixencia do mesmo, derivadas de posibles discrepancias en canto a súa execución ou interpretación dos acordos.

Así mesmo, poderán asistir cantas persoas se consideren necesarias en función do asunto a tratar en cada sesión.

Os acordos da Comisión adoptaranse co voto favorable da maioría dos seus membros.

O réxime de funcionamento da Comisión será o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Oitava. Modificación e denuncia

O convenio poderá ser obxecto de modificación ou denuncia ao longo da súa vixencia, por acordo unánime das partes asinantes, calquera das partes poderá denuncialo ao través de comunicación á outra parte con polo menos 2 meses de antelación á data na que teña previsto finalizar a colaboración, previa tramitación preceptiva e informe favorable dos órganos competentes da Deputación da Coruña.

En ambos os dous casos, modificación ou denuncia, deberán finalizarse tarefas iniciadas.

Novena. Publicidade

Na publicidade que calquera das partes asinantes realice das actuacións derivadas do presente convenio (publicacións, carteis, etc.), farase constar expresamente que estas se levan a cabo en virtude de este, coordinando co servizo que corresponda da Deputación da Coruña as demais accións de información que se acorden polas partes.

Décima. Vixencia

A vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, con posibilidade de prórroga segundo prazo necesario de execución das accións obxecto do presente convenio que figuren no mesmo, previo acordo entre as partes, comunicado con unha antelación mínima de 15 días á finalización do período de vixencia inicial.

Décimo primeira. Extinción e resolución

Ademais de polo cumprimento das actuacións que constituíren o seu obxecto, o convenio extinguirase por calquera das seguintes causas de resolución:

- O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes asinantes.

En este caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Si transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a

indemnización dos prexuízos causados atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A finalización ou resolución do convenio dará lugar á liquidación de este, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A extinción do convenio suporá o cese das actividades contidas no mesmo.

Décimo segunda. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio está suxeito ás normas de dereito público que regulan o deporte e aos convenios e a actuación administrativa xeral das entidades locais. En particular, á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; a Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte e os artigos 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 48 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de

outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 86 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 111 do Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local (RD Lexislativo 781/1986) e a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Real decreto 1835/1991 de Federacións Deportivas Españolas e a Orde EFD/42/2024, pola que se regulan os procesos electorais das Federacións, as distintas regulacións lexislativas vinculadas ao control da saúde no deporte, a lexislación referente á loita contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte e a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres y homes.

Así mesmo, pola súa natureza, o presente convenio atópase excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao amparo do disposto no seu artigo 6.2.

Non obstante, serán aplicables ao convenio os principios da citada Lei de Contratos do Sector Público para resolver ás dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Para a resolución de cantas controversias se poidan suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación resolución ou cumprimento do aquí convido, establécese o sometemento expreso á xurisdición contencioso-administrativa, dada a súa natureza administrativa.

E en proba de conformidade con todo canto antecede, subscríbese o presente convenio que firman as partes na data sinalada.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de presidencia número 27941 de data 9 de xuño de 2025.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DA
REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

Asdo. Antonio Leira Piñeiro

Asdo. Pablo Javier Prieto Perille

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez

ANEXO I

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Obxecto da actividade
2. Razóns de interese público que fundamenten o carácter singular do proxecto: interese para a provincia a nivel de fomento do deporte e a actividade física, visibilización de prácticas deportivas femininas e de modalidades deportivas minoritarias, promoción do patrimonio cultural e paisaxístico da provincia, promoción económica ao redor deste tipo de actuacións (aloxamentos, restauración, transportes, subministros, loxística. consumos tanto do persoal da organización, equipos participantes e outras entidades implicadas como das persoas espectadores, impacto das transmisións en directo, etc.)
3. Descrición suficientemente detallada da actividade: programación
4. Descrición do orzamento e os seus conceptos unitarios
5. Descrición doutros conceptos de gastos necesarios (equipamentos, subministros, seguridade, atención sanitaria, comunicación e difusión, etc.) para o desenvolvemento da actividade e que asumirá a Deputación.
6. Designación da persoa responsable da execución.
7. Regulamento específico da proba no caso de que sexa preciso complementar as bases reguladoras.